

Durante os últimos anos dende o Concello de Ames estivo desenvolvendo o Plan de Prevención de Drogodependencias, a través da firma de convenios coa Consellería de Sanidade. A finais do mes de decembro de 2012, a FEGAMP comunicou a finalización deste financiamento.

Ante esta situación o Concello de Ames mantén o propósito de seguir desenvolvendo o Plan de Prevención de Drogodependencias, como medida contida no Plan de Trastornos Adictivos 2011-2016.

Dende un primeiro momento establecéronse dende o goberno de Ames conversacións cos concellos de Negreira e Brión, co fin de continuar desenvolvendo de maneira coordinada o Plan. Estes dous Concellos limítrofes poden optar a fontes de financiamento distintas ás do noso Concello, o que non debe impedir traballar de maneira conxunta na prevención de Trastornos Adictivos cos mozos e mozas da comarca.

O Concello de Ames retomará as conversas coa Consellería de Sanidade, na procura da continuidade do financiamento do Plan de Prevención.

Para Ames é imprescindible dar continuidade as medidas e accións contidas no Programa e contar cun Servizo estable que as desenvolva, debido a que somos unha poboación moi nova e, polo tanto, moi exposta.

O Servizo co que se contaba estivo a cargo de persoas cunha alta formación para un tema tan sensible, de moi difícil substitución, pois suporía a perda dun gran capital acumulado ao longo destes anos e financiado tanto polo Concello como pola Xunta.

Por estes motivos, o Concello de Ames adopta os seguintes acordos:

- Comprometer a cobertura de gasto necesaria para garantir o mantemento do Plan.
- Debido a que durante o ano 2012, o financiamento correu en exclusividade polo Concello de Ames, requirir ós Concellos de Negreira e Brión a aportar a cantidade acordada no Convenio, así como a mesma parte proporcional do gasto que deixou de financiar a Xunta de Galicia. E manter conversacións orientadas a seguir desenvolvendo de maneira coordinada o Plan.
- O Concello de Ames comprometése a manter e mellorar o Plan de Prevención de Drogodependencias, mantendo **o Servizo tal cal existía** e, na medida do posible, o Persoal que o viña atendendo tanto por razóns de beneficio para os receptores do Plan como de facer rendible a inversión da Xunta e o Concello ao longo destes anos.

Ames 28 de Febreiro de 2013

Asdo:

Santiago V. Amor Barreiro  
Alcalde de Ames

José Miñones Conde  
Voceiro do Grupo Socialista

Xosé Anxo Doval Rey  
Concelleiro de Ames